




FOXOS DO LOBO DO SUÍDO

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2017



Distancia: 11 km, lineais en coche e 6 km (ida e volta) a pé.
Dificultade: baixa



Foxo do lobo de Pigarzos, formado por dúas paredes, a do leste de máis 280 m e a outra duns 150 m.



Chozo de Mangoeiros

O ancestral aproveitamento gandeiro da serra do Suído deixou ao longo de toda ela numerosas pegadas do facer e do loitar dos seus habitantes, da adaptación da súa vida ao medio e do aproveitamento dos elementos da contorna para ter deles o mellor rendimento. As mostras atopámonas nas construcións realizadas en diferentes lugares para protexer e gardar o gando e acoller á xente –chozos, sesteiros, curráis,...- e nas construcións para controlar e eliminar aos seus enemigos dos que entre todos destacan, polo seu labor, tamaño e curiosidade; os foxos do lobo dos que douso, grazas ao traballo de conservación da veciñanza, se atopan en bo estado e é bastante doado achegarse a coñecelos polas pistas abertas no monte.

PERCORRIDO

Propoñemos nesta ocasión un roteiro combinado, en coche e a pé, que tamén se pode facer en bicicleta, para achegarnos a uns cantos deses elementos tendo no comezo e no cabo os foxos do lobo, un ao norte, no concello de A Lama, e outro ao sur, no concello de Covelo, e tanto un coma o outro moi preto das lindes do concello de Fornelos de Montes.

Roteiro de norte a sur:

Saíndo da Lama pola estrada que, cruzando a serra, vai a Avión, pasada a localidade de Pigarzos e xa no alto atopamos á dereita una ringleira de xeradores eólicos, accedemos á instalación e dirixímonos á dereita ata chegar ao pé do último xerador. Desde alí sae un camiño á esquerda que, nuns 800 m, e pasando ao pé do **Coto dos Xarotos**, que está coroado por un curral do que se conservan case en todo o perímetro as paredes que o rodeaban, nos leva sen perda ata meternos dentro do valo do **foxo de Pigarzos** que ten, polo lado polo que entramos, case 300 m de lonxitude. De volta na estrada logo atopamos un desvío á dereita que logo teremos que coller, pero antes continuamos camiño uns 900 m para ver o conxunto de **chozo, curral e cortes de Mangoeiro**, no concello de Avión, o máis completo e característico da zona. Volvemos atrás ao cruzamento que antes deixamos e que agora temos á esquerda, que nos leva cara á Graña, a uns 2 km a estrada bifúrcase e nós seguimos o desvío da dereita, pasados outros 2 km collemos un desvío á esquerda polo que circularemos 1,5 km máis, ata atopar á dereita una pista de terra de acceso a un parque de xeradores. Por ela temos que circular ao longo de 3 km para achegarnos ao grupo de xeradores máis alonxado para eso, pasado 1 km, seguiremos o camiño da dereita e preto do final a subida cara á esquerda. En chegando á liña de aeroxeradores temos de fronte una fermosa panorámica do conxunto do foxo, logo antes de chegar ao último xerador da liña hai un camiño polo que percorrendo algo máis de 1,5 km chegamos ao conxunto do **curral, chozo e foxo do lobo de Portela das Travesas** onde rematamos o percorrido. De volta na estrada baixamos pola dereita á Graña e a Covelo.



Chozo de Prado, nun dos extremos do Foxo do Lobo de Portela das Travesas



Foxo do Lobo de Portela das Travesas, coñecido tamén como A Forca do Lobo. Formado por tres paredes converxentes, a do oeste de 100 m de lonxitude, a central de 60 m, e a do norte de 125 m que converxen en dous corredores de 60 cm de ancho que desembocan nun pozo e 5 m diámetro.

